

Rudesindo Soutelo (Tui, 1952) estudou nos Conservatorios de Vigo, Madrid e Schaffhausen (Suiza). No ano 1972 fundou as Xuventudes Musicais de Vigo e en 1980 crea a editora de música Arte Tripharia, onde xenerou un amplo catálogo de partituras e a colección *Corpus Musicum Gallaeciae*. Pertencente o grupo Latrinae Musica, destaca dentro da súa obra Borobó e Manuel María (ámbalas dúas para dúos de gaitas de fol). É membro da Sociedade Portuguesa de Autores (SPA) e defende a creación como un acto de liberdade. Académico Fundador da AGLP (Academia Galega da Lingua Portuguesa).

Diego Mariño iniciou a súa andaina na música tradicional galega con once anos. É titulado en Gaita polo Conservatorio Profesional de Música de Vigo, estudante de Maxisterio Musical na Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, e actualmente remata os estudos de Instrumentos da música tradicional e popular no Conservatorio Superior de Música de Vigo. É membro da agrupación Lembranzas Galegas, da Banda de Gaitas Xarabal, do cuarteto de música tradicional Doela, e Crema de gaita. Actualmente é profesor da Escola Municipal de Música de Pontearreas. Conta tamén coa publicación de colaboracións en diversos traballos editoriais no libro De Pano Sedán en Edicións do Cumio e "El alalá. Estudio de un género" na revista de etnomusicoloxía Etno-folk, volume 1, nº 3, editorial Dos Acordes.

David Bellas (Viveiro, 1985) comeza na música a idade de oito anos na banda de gaitas "O son do sor" do Barqueiro, Mañón (A Coruña), a cal abandona tres anos máis tarde para formar a Banda de Gaitas "O Barqueiro" de Mañón (A Coruña). Na actualidade realiza os seus Estudos Superiores na Especialidade de Instrumentos da Música Tradicional e Popular Galega (Gaita Galega) no Conservatorio Superior de Música de Vigo. Recentemente participa na creación do grupo "Proyecto de foles" e "Matamá Ensemble", nos cales traballa como intérprete e compositor.

Música no Claustro 2010

Concerto No.2, Mércores 25 de agosto - 21.00h

Boceto Poio - David Bellas

¿Karolina? - David Bellas

Danza e contradanza de Darbo - Diego Mariño

O Gait Nad - David Vellas

A Ω - David Bellas

Borovó - Rudesindo Soutelo

Entre o xeonllo e o tornecelo - David Bellas

Proyecto de Foles é un grupo de música de cámara no que os instrumentos empregados son íntegramente gaitas de fol galegas. Máis alá de folclorismos e costumismos nos que xeralmente está envolto este instrumento, a pretensión do grupo é a de integrar o mesmo, dándolle unha total normalidade nun ambiente camerístico, que salvo algún feito illado non acontecera con anterioridade na Galiza.

Neste espectáculo as obras escollidas están todas elas basadas en música tradicional Galega, aínda que a linguaxe empregada nada teña que ver con esta.

O grupo naceu en Setembro de 2009 e foi presentado en público o 18 de Maio de 2010. Os seus compoñentes teñen unha alta formación musical e experiencia nos ámbitos da música tradicional e culta sendo eles: Xurxo Fernández, Ánxela Vidal Trabada, David Bellas, Lucia Comesaña e Xesús Riveira.



24.08.10 - 21.00h, entrada gratuíta
Zanfona e arpa - Música Antiga / Tradicional
TERESA GÓMEZ - ALBA BARREIRO
* Grupo de Música Tradicional

25.08.10 - 21.00h, entrada gratuíta
Quinteto de gaitas de fol - Contemporáneo

PROJECTO DE FOLES

* Grupo de vento metal



26.08.10 - 21.00h, entrada gratuíta
Guitarra - Contemporáneo / Interdisciplinar

SAMUEL DIZ SIERPES

Xabier Mariño - Dispositivo electrónico

Aloia Martínez - Recitado

ARO - Ilustracións ao vivo

*Sara Areal e Raquel Areal (dúo de violíns)

27.08.10 - 21.00h, entrada gratuíta
Voz, nyachelarpa e mandola - Música Sefardí

ANA ALCAIDE

Rafa del Teso




28.08.10 - 21.00h, entrada gratuíta
Música vogal profana e relixiosa

CORO APÓSTOL SANTIAGO

Dirección: Rimas Zdanavicius

* *Ciclo de Novos Intérpretes en colaboración co
Conservatorio Profesional de Música de Tui e JLMúsica.*

www.musicaenelclaustro.com



MÚSICA NO CLAUSTRO

VI Ciclo de Concertos no Claustro Gótico da S.I. Catedral de Tui

DO 24 AO 28 DE AGOSTO DE 2010

21 h. - Entrada gratuíta

PATROCINA:



COLABORA:

